



Concello
de Nigrán

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS E ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS

3. A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán establecidas mediante convocatoria pública, ao igual que a oferta de aluguer das vivendas ou locais.

CUARTA. AXUDAS A LOCAIS COMERCIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas dentro do ámbito declarado ARI.

QUINTA. CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Con independencia da tramitación prevista nesta ordenanza, compete á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, velar polo efectivo cumprimento da normativa aplicable ás actuacións financiadas no marco dos Plans de Vivenda 2009-2012 e seguintes –respecto das cales o Concello efectúa a tramitación dos expedientes en tanto órgano xestor- outorgando ou, se é o caso, denegando a cualificación provisional e definitiva de cada actuación protexida co financiamento cualificado.

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Marín, a 22 de agosto de 2012.—A Alcaldesa-Presidente, María Ramallo Vázquez.

2012008200

* * *

NIGRÁN

A N U N C I O

Rematado o período de exposición ao público do expediente de modificación das ordenanzas reguladoras dos prezos públicos das escolas e actividades culturais municipais e das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas municipais, sin formularse ningunha reclamación, cumprindo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícanse os textos definitivos das mesmas, que levan incorporadas as modificacións aprobadas.

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS, E ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS

Artigo 1.—Establécese un prezo público pola prestación de servizos municipais en escolas e actividades culturais.

Artigo 2.—Estarán obrigados ó pago deste prezo público aqueles que participen como alumnos nas escolas e actividades culturais.

Artigo 3.—A obriga de pagar o prezo público nace desde que o alumno se matricule na escola ou se inicie o exercicio da actividade cultural.

A renuncia do interesado unha vez iniciada a actividade non dará dereito á devolución da cantidade ingresada.



O desistimento do interesado, sempre que se formule expresamente antes da data de inicio da actividade, dará dereito á devolución do 75 por 100 da contía (no seu caso) ingresada

Artigo 4.—Se por causa non imputable ó obrigado ó pago do prezo non se impartise o curso ou non se puidese realizar a actividade, o Concello estará na obriga de devolver ó suxeito pasivo o importe que este tivese pagado.

Artigo 5.—As cantidades adeudadas por estes prezos públicos esixiranse polo procedemento administrativo de prema.

Artigo 6.—As tarifas dos prezos públicos serán as seguintes:

<i>Actividade</i>	<i>Cuota de inscrición</i>
Cerámica	83,00 €
Pintura	77,00 €
Música	77,00 €
Teatro	77,00 €
Outros cursos	77,00 €
Cursiños	48,00 €

- Nas tarifas inclúese o seguro obrigatorio de accidentes. Nas actividades de cerámica e pintura non se inclúe o consumo de material, que irá a cargo do alumno.
- Os membros dunha familia numerosa terán unha bonificación por cada un deles do 25 % das bases das tarifas. A condición de familia numerosa debe concorrer antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e deberase acreditar documentalmente xunto coa solicitude.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades culturais municipais entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 1.—Establécese un prezo público pola prestación de servizos municipais en escolas e actividades deportivas ou uso de instalacións deportivas municipais.

Artigo 2.—Estarán obrigados ó pago deste prezo público aqueles que participen como alumnos nas escolas deportivas ou realicen actividades deportivas no Polideportivo Municipal e en pistas deportivas municipais.

Artigo 3.—A obriga de pagar o prezo público nace desde que o alumno se matricule na escola deportiva ou se inicie o exercicio da actividade deportiva.

A renuncia do interesado unha vez iniciada a actividade non dará dereito á devolución da cantidade ingresada.

O desistimento do interesado, sempre que se formule expresamente antes da data de inicio da actividade, dará dereito á devolución do 75 por 100 da contía (no seu caso) ingresada.

Artigo 4.—Se por causa non imputable ó obrigado ó pago do prezo non se impartise o curso ou non se puidese realizar a actividade, o Concello estará na obriga de devolver ó suxeito pasivo o importe que este tivese pagado.

Artigo 5.—As cantidades adeudadas por estes prezos públicos esixiranse polo procedemento administrativo de prema.